

Tarefas da asinatura de Historia para os alumnos de 2º ESO na semana do 23 ao 27 de Marzo

Queridos alumnos/as: Espero que o encerro non esté sendo demasiado tedioso e aburrido para vós. Tedes que armavos de paciencia porque isto vai para longo. Ánimo.

Esta semana imos traballar o primeiro tema de Historia medieval, que leva por título: A fragmentación do Mundo Antigo.

Para iso tedes que facer as seguintes tarefas:

1. Poñer un título
2. Copiade o resumo do tema que aparece na portada do tema (onde aparece o título)
3. Agora, para repasar os contidos do tema debedes ir ás páxinas 22 e 23 e facer tódolos exercicios que aí aparecen. Non é preciso que copiades as preguntas se non queredes, pero sí que fagades algo que de “gusto” ver para él, OK?
4. Como do Islam non aparece apenas nada nesas páxinas, agora ides ás páxinas 20 e 21 e facedes os catro exercicios que aí aparecen. Tampouco é preciso copiar as preguntas se non queredes, pero xa sabedes: algo “xeitoso”, eh?
5. Agora ides as páxinas 12 e 13. Esta sección que leva por título Viaxa ao pasado gústame moito porque se a lemos e vemos as imaxes, poderemos sentirnos un pouco como unha persona daquela época. E iso é o que quero que fagades con esta sección, que a leades como se de un relato histórico se tratase. Dacordo, amigos?
6. Finalmente, e para enlazar co seguinte tema que imos estudar (o número 3), ides a páxina 19 e leedes o apartado C: Cara á Europa feudal. Leédeo con calma que xa veredes como o imos enlazar co inicio do tema 3: o feudalismo. É importante que saibamos as causas de por que vai chegar ese sistema político, económico, social e cultural tan importante na Idade Media, como foi o feudalismo.

Moitas gracias polo voso traballo, rapaces. E pensai unha cousa, o máis importante é que todo isto o fagades co ánimo de aprender algo de Historia, non de facelo para “aprobar”. Cando voltemos ás aulas, e voltaremos, gustaríame que me dixérades que estas actividades vos axudaron a sobrelevar millor o encerro e que ademais, saíchedes de él como personiñas moito más sabias.

ÁNIMO!